XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública

Edificio Administrativo San Caetano, 1-2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 545227 – Fax 981 545225

galicia
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA
29.05.13 004356
REXISTRO DE SAÍDA

N/REF.: CHL/chl
ASUNTO: Informe do anteproxecto de Lei do emprendemento de Galicia e de liberalización da actividade económica

En relación co anteproxecto da devandita lei, a solicitude da Secretaría Xeral técnica da Consellería de Economía e Industria, e de conformidade co Decreto 111/1984, do 25 maio, de regulamentación de réxime interior da Xunta de Galicia, esta dirección xeral emite o seguinte

INFORME

I.- A Xunta de Galicia pretende a través desta Lei o fornecemento do noso tecido produtivo, coa posta en marcha dunha batería de medidas que fomenten o espírito emprendedor individual e colectivo, impulsando novas iniciativas tendentes a un maior e mellor posicionamento dos empresarios galegos como catalizadores do crecemento da nosa economía, nun contexto onde o seu concurso resulta se cabe aínda máis necesario na procura da reactivación e dinamización da actividade económica.
A iniciativa lexislativa obxecto do presente informe encádrase asimesmo no marco das políticas comunitarias de fomento do crecemento e a competitividade das pequenas e medianas empresas que constitúen a inmensa maioría do tecido produtivo galego; así como cara a aquelas que sexan especialmente innovadoras ou teñan unha vocación de internacionalización .

II.- En canto a estrutura formal do anteproxecto de Lei integrase por un total de 68 artigos, divididos en tres títulos.
Complétase o anteproxecto con tres disposicións adicionais, tres transitorias, dúas derrogatorias e seis disposicións derradeiras, máis un anexo.

Así o Título I (artigo 1) desenvolve o obxecto.

O Título II (artigos 2 a 26) aborda en dez capítulos o conxunto de medidas proposta cara a estimular o emprendemento e a actividade emprendedora; así: as disposicións comúns e os principios informadores contémplanse nos Capítulos I e II, respectivamente; a simplificación administrativa (Capítulo III); o financiamento (Capítulo IV); á coordinación entre as políticas de apoio ao emprendemento previstas na propia lei, e ás postas en marcha pola Consellería competente en materia de promoción do emprego (Capítulo V). No Capítulo sexto regúlase a colaboración coa Consellería competente en materia de educación a fin de favorecer unha cultura de apoio ao emprendedor na comunidade educativa. Dos servizos de capacitación previa e consolidación ocúpase o Capítulo sétimo. O Capítulo oitavo regula ámbitos específicos (políticas de igualdade e proxección internacional);o Consello Galego de Economía e Competitividade aparece como órgano encargado de desenvolver os mecanismos do apoio ao emprendemento deseñados na lei (Capítulo IX); e finalmente, aos aspectos fiscais en forma de incentivos e ao seu específico tratamento adícase o Capítulo X.

O Título III establece a regulación integrada do exercicio de actividades en Galicia (artigos 27 a 68), desglosando en catro capítulos : a supresión da licenza municipal de actividade e réxime de comunicación previa (Capítulo I); a avaliación ambiental de actividades (Capítulo II); os

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública

Edificio Administrativo San Caetano, 1-2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 545227 – Fax 981 545225

galicia

espectáculos públicos e actividades recreativas (Capítulo III); e o réxime sancionador (Capítulo IV) .

III.- En canto ao contido da disposición legal, tras os cambios efectuados na mesma e, sen prexuízo das alegacións que poida efectuar a propia Consellería de Facenda, esta Dirección Xeral informa favorablemente o anteproxecto de referencia.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2013

O director Xeral da Función Pública

José María Barreiro Díaz

XUNTA DE GALICIA · Dirección Xeral da Función Pública · CONSELLERÍA DE FACENDA